


INFORME DE XESTIÓN DOS SERVIZOS CONTRATADOS NO CENTRO

2019/2020

IT02-PA08



INFORME SOBRE XESTIÓN DE SERVIZOS.

Debemos distinguir os servizos contratados a través dos procedementos de adxudicación pública extensivos a todos os centros da Universidade, a través do servizo de Contratación, que son os de limpeza, vixilancia, detección de incendios e aparellos elevadores e automatismos, daqueles outros que son adxudicados a través do procedemento de contratación menor e competencia directa da Administradora.

Todos os servizos de mantemento inclúen, por obriga establecida nas prescricións técnicas elaboradas pola Universidade, servizo permanente 24 horas e teléfonos de urxencia para caso de avarías importantes.

Dentro do primeiro grupo inclúese os seguintes:

SERVIZO DE LIMPEZA:

Foi adxudicado á empresa SAMYL.

As finalidades principais do servizo están descritas no prego de prescrición técnicas que rexeron o procedemento de adxudicación:

- Reducir o impacto ambiental do mesmo.
- Promover a mellora das condicións de traballo para acadar o máximo nivel de protección da seguridade e saúde laboral dos traballadores.
- Desenvolver actividades específicas de formación e información para que o traballo se efectúe de xeito acorde cos obxectivos plantexados.
- Reducir a xeración de residuos durante o servizo.
- Retirada de calquera tipo de cartel anunciador, propaganda o similar colocado en lugares non autorizados.
- Disposición e control de unidades de hixiene feminina nos aseos.
- Realización del tratamiento DDD

- Eliminación de pintadas e grafitis nas paredes das edificacións.

Un dos aspectos máis novidosos deste expediente é o relativo á posta en marcha do control horario dos traballos a través dunha aplicación informática de control consistente na obrigatoriedade do persoal adscrito ao servizo de fichar á entrada e saída da súa xornada laboral.

SERVICIO DE VIXILANCIA E DETECCIÓN DE INCENDIOS.

Empresa PROSEGUR.

A prestación inclúe como elementos primordiais os seguintes:

- Mantemento de sistemas de seguridade e detección de incendios.
- Conexión a Central Receptora de Sinais de Alarma.
- Servizo de custodia de chaves e de resposta ante sinal de alarmas cuxa realización non sexa da competencia das Forzas e Corpos de Seguridade.

O servizo vense prestando sen incidencia destacable.

MANTEMENTO DE ASCENSORES E AUTOMATISMOS (portas automáticas e barreiras).

As revisións preventivas realízanse con carácter trimestral a plena satisfacción.

A adxudicataria é a empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES SLU,

As súas tarefas principais son verificar o correcto funcionamento de alarma, pulsadores, alumeado de emerxencia, alumeado de cabina, etc.

Dentro do segundo grupo inclúense:

MANTEMENTO DE CALEFACCIÓN E AIRE ACONDICIONADO:

Actualmente responsabilidade da Empresa TERMOCALOR, que realiza revisións preventivas trimestrais de caldeiras e condutos de aire, programación de horarios en función da climatoloxía e velando polo aforro enerxético.

Sen incidencias destacables a día de hoxe.

Os servicios inclúen, entre outras: limpeza dos evaporadores, condensadores, filtros unidades de impulsión e retorno do aire, comprobación dos niveis de auga, etc.

MANTEMENTO DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BAIXA TENSIÓN:

Adxudicada á empresa GORGOSO ELECTRICIDAD. As súas revisións, de carácter preventivo, son anuais. Teñen obriga de acudir no caso de avarias. O grao de satisfacción é adecuado.

Os servizos inclúen: mantemento actualizado da documentación da instalación, os cadros eléctricos, líñas e canalizacións, luminarias e tomas de corrente, alumeado de emerxencia, sistema de terra, conmutación do grupo electrógeno e as baterías.

Ourense 19 de febreiro de 2020

A Administradora

(Por Delegación 11/07/2019)

O Xefe de Equipo

Asdo.: Juan José Salgado González.